

#3571

A Rúa – Gargamala - Mondariz, 2020-02-15

Informante: Fernández Bernárdez, Solmira da Cesteira (78)

Compiladores: Xulia Feixoo e Guillermo Ignacio Costa

Transcripción da letra: Xulia Feixoo



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Arriba, arriba, arriba
arriba, non podo máis-e
que me pican as areas, *si, si, ai, ai*
e os amores moito máis-e

Adiós ríos, adiós fontes
adiós regatos pequenos
adiós vista dos meus ollos, *si, si, ai, ai*
hasta cuando nos veremos

Hei de facer unha ponte
aínda que sea de nogueira
para pasea-las mozas, *si, si, ai, ai*
da Rúa para Toxeira

Miña nai pra me casare
prometeume tres ovellas
unha cega e outra coxa, *si, si, ai, ai*
e outra fáltanlle as orellas